

Fronteira

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 85

ano 15

novembro-decembro 2019

MUNICIPALISMO (II): ELECCIÓN DE 1931


“El señor Álvarez Dopazo hizo constar que venía al Ayuntamiento y a la alcaldía impuesto por imperativo de las circunstancias, pero con un elevado espíritu de justicia”.

Con estas palabras, o 23 de abril de 1931, iniciou o seu mandato como alcalde da cidade de Ourense, **Antonio Álvarez Dopazo**, tras obter 22 votos favorábeis dos 23 posíbeis na elección consistorial levada a cabo para cubrir a vacante deixada por Luís Fábrega Coello, membro do Partido Republicano Radical (PRR). Antonio Álvarez Dopazo, tamén afín ao PRR, chegou á alcaldía nun dos intres máis importantes da historia política da vella Auria, que non quedou á marxe do **cambio político** que supuxo a chegada da II República española.

Mais os resultados na cidade non foron evidentes, ao igual que noutras moitas capitais provinciais. Segundo as fontes empregadas para o coñecemento destes datos, a filiación política dos concelleiros electos variou notablemente, mais si é certo que houbo un **empate técnico** entre aqueles candidatos da conxunción republicano-socialista e os afíns ao réxime monárquico, pasando moitos deles, co devir dos días, a engrosar as listas de “non determinados”. Malia isto, sabemos que o 23 de abril de 1931 a corporación formárona 9 conservadores, 2 membros da Unión Monárquica Nacional (UMN), 4 do PRR, 2 do Partido Republicano Radical-Socialista (PRRS), 4 do Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), 1 republicano-nacionalista e 1 agrario. É destacable que o candidato agrario, Herminio Docabo, fora quen votara a prol de Antonio Álvarez como alcalde, permitindo declinar a balanza do lado do novo réxime polas súas **tendencias esquerdistas**, e amosando un caso bastante anómalo no espectro agrarista da época.

Polo tanto, o 23 de abril de 1931 conformaron a corporación municipal, xunto aos dous devanditos, os seguintes 21 concelleiros. No partido conservador, Manuel Araujo López, electo tras gañar o sorteo de desempate de votos ao seu compañeiro de partido e do distrito Mediodía, Alejandro Rodríguez Cobelas; José de las Cuevas Vázquez; Antonio Eire Santalla; Lorenzo Arturo Fernández Magdalena; Abelardo García García; José González Paz; Eugenio Lorenzo Vidal; Felisindo Mangana Pato; e Camilo Leonardo Pascual Santana. Da UMN, Valeriano Feijóo Rivera e Justo Méndez Aguirre. Do PRRS, os

elixidos como síndicos foron Ángel Moure e Alfonso Vecino. Do PSOE, **Manuel Suárez Castro**, elixido primeiro tenente de alcalde, e despois alcalde da cidade entre febreiro e xullo de 1936; Manuel Deza, José Fernández Pérez e Fernando Ledo. Do PRR, Adolfo Menéndez, elixido segundo tenente de alcalde; Cayo Vecino, electo como terceiro tenente de alcalde; e o devandito Luís Fábrega Coello, quen gañou o sorteo de desempate ao seu rival da UMN no distrito Norte, o pintor Jesús Soria González (*La Región*, 17-IV-1931). Finalmente, afiliado como republicano-nacionalista, Eleuterio González Salgado, nomeado cuarto tenente de alcalde na sesión do 23 de abril.



1931, abril, 24. Ourense
Noticia sobre a elección do alcalde e das tenencias e síndicos da nova corporación municipal de Ourense
Papel, manuscrito; castelán.
AHPOu, Biblioteca

A fin da monarquía

A pésima situación do sistema oligárquico da Restauración Borbónica (1875-1931), en abril de 1931, derivaba dunha longa lista de erros, escándalos e crises, ademais da pesada e envelenada lousa que foi a **ditadura de Miguel Primo de Rivera** (1923-1930) para o propio rei Afonso XIII. Por riba, as loitas internas das dúas faccións gobernamentais, liberais e conservadores, medraron co paso do tempo. A isto hai que engadir o feito de que a ditadura abriu aínda máis esa fenda ao dar entrada a novos membros na súa política de “**rexenación**”.

Coa caída de Primo de Rivera, os intentos de Afonso XIII por manter o réxime caeron un a un. A presión exercida polas forzas políticas apartadas do poder –caso das **formacións nacionalistas, rexionalistas e obreiras**– era cada vez maior. Pola súa vez, a causa republicana comezou a ter un maior número de adeptos ao considerar o monarca como o problema central da inestable situación do país, tal e como aconteceu no Pacto de San Sebastián en agosto de 1930. Por riba, a **crise económica** mundial comezouse a notar nun Estado español –e aínda máis no caso galego– alleo aos ritmos económicos dos mercados internacionais. A concentración rexional dunha industria téxtil e siderúrxica á cola da europea; o proteccionismo lexislativo exercido en sectores non competitivos a nivel mundial, caso do téxtil catalán ou do agro castelán; e a escasa revolución agrícola do s. XIX, a cal apenas modificou a produtividade e a estrutura da propiedade da terra, son as razóns principais dese **atraso económico español**.

Neste contexto, as eleccións municipais e xerais convocadas para abril e xuño de 1931, respectivamente, convertéronse nun **referendo** a prol ou en contra dun sistema ferido de morte, onde a figura do monarca (en constante caída libre polas súas inxerencias nas decisións políticas) comezou a ser o centro principal das críticas.

O caos monárquico: dinásticos e a UMN

A división xerada nos partidos dinásticos pola parétese da ditadura, tanto a nivel estatal como a nivel ourensán, amosouse na composición dos gobernos estatais de concentración entre 1930 e 1931; con maior claridade na campaña dos comicios municipais de abril de 1931.

Os herdeiros da Unión Patriótica (UP), nada baixo o paraugas ditatorial, presentáronse baixo a UMN. O influxo do seu líder, o antigo ministro de Facenda no Directorio Civil (1927-1930), **José Calvo Sotelo**, tudense e con enorme influxo na comarca do Carballiño, era grande, mais o control das redes caciquís provinciais aínda formaban parte do sector conservador do bugallismo. A facción conservadora do pontearéan, o **Conde de Bugallal**, controlara durante décadas a maioría dos distritos electorais das provincias de Pontevedra e Ourense; e, debido ao reducido papel que tiveron durante a Ditadura, o rancor cara a Calvo Sotelo e a súa UMN foi claro durante a campaña electoral.

As disputas polo control de feudos e de votos, non permitiu unha unidade e a conseguinte división das candidaturas e do electorado, favorecendo as opcións republicanas e socialistas. En total, liberais, conservadores e calvosotelistas, presentaron 28 candidaturas para os 23 postos no concello ourensán, tendo un **resultado nefasto**, e sendo todos vítimas da Lei electoral de 1907 que tanto os beneficiara.



Fragmento do artigo de opinión, *Una mala jornada para la causa monárquica*, do diario *La Región* (14-IV-1931). AHPOu. Biblioteca

Os distritos electorais de Ourense

Segundo a Lei electoral de 1907, nos comicios municipais de 1931, a cidade de Ourense dividíase en catro distritos electorais (Norte, Nacente, Poñente e Mediodía) que contaban con nove seccións, dous cada un, agás o de Nacente, que tiña tres.

A través do xornal *La Región*, coñecemos os seguintes datos (*La Región*, 9-IV-1931: 8). No distrito **Norte**, a sección primeira tiña o seu colexio electoral na antiga rúa de Vicente Pérez –actual rúa do Paseo–, no Xulgado de Instrución; namentres, a segunda sección tiña o seu colexio na Deputación provincial, na rúa do Progreso, comprendendo as rúas “*Barbaña, Cabeza de Vaca, Couto, Cusande, Ervedelo, Fonte de Reza, Granja de Reza, Portocarreiro, Progreso, Puente Lebrón, Puente Pedriña, Reza (calle y pueblo) y Seijo*”. O distrito **Poñente** tiña como colexios electorais, na primeira sección, as Escolas Municipais da rúa do Padre Feijóo e, na segunda, o Pavillón Escolar situado na estrada a Celanova. Pola súa parte, o distrito **Nacente** tiña tres colexios electorais: o cuartel de Bombeiros, na praza das Mercedes; a Delegación de Facenda, na rúa de Santo Domingo; e o Hospital Modelo, na estrada á Lonia. Finalmente, o distrito de **Mediodía** tiña o Xulgado Municipal, na antiga rúa Primavera, 1, como colexio electoral na súa primeira sección; e as Escolas Ave María, na praza do Xardín do Posío, na sección segunda.

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense podemos consultar unha gran cantidade de números do xornal *La Región* na colección de prensa que ten a hemeroteca do arquivo.

Arquivo Histórico Provincial de Ourense. arq.prov.ourense@xunta.gal
Texto: Carlos Lozano González; D.L. O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia